



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 26 DE FEBREIRO DE 2021

María Barral Varela, alcaldesa do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Vista a solicitude presentada no rexistro xeral do Concello de Betanzos, asinada polos/as concelleiros/as que conforman o grupo municipal do Partido Popular (6) en data 10 de febreiro de 2021 (rexistro nº 350), na que requiren a comparecencia do concelleiro delegado de urbanismo e patrimonio para informar e dar conta das actuacións levadas a cabo nas inmediacións da fonte das Catro Estacións do parque do Pasatempo, toda vez que reúne os requisitos legais para seren convocado de acordo co artigo 44 do ROM municipal e os artigos 77 a 90 Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e o artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria Extraordinaria que terá lugar de xeito telemático por videoconferencia, o próximo venres 26 de febreiro de 2021 ás 19:30 horas en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

O motivo de realizar a sesión de xeito telemático por videoconferencia é debido a unha adaptación ás últimas medidas adoptadas pola Xunta de Galicia en materia de protección fronte á Covid-19

SEGUNDO. Establecer a seguinte ORDE DO DÍA para a devandita sesión:

ÚNICO.- Comparecencia do concelleiro delegado de Urbanismo e Patrimonio do Concello de Betanzos para informar e dar conta das actuacións levadas a cabo nas inmediacións da fonte das Catro Estacións do Parque do Pasatempo

TERCEIRO. Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

María Barral Varela

O Secretario en réxime de acumulación (Resol.DXAL de 03/09/2019)

(Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18 do 16 marzo)

Adrián J. Márquez Caramés